

## Enquisa de ocupación hoteleira, estatística de ocupación no turismo rural. Maio 2005

### COMUNICADO

## Descenso en maio de 2005 das pernoitas en establecementos hoteleiros e nas casas de turismo rural con respecto ó mesmo mes do ano anterior

O número de pernoitas en establecementos hoteleiros descendeu un 9,9% e o de viaxeiros entrados un 10,1% en maio de 2005 sobre o mesmo mes do ano anterior

Segundo os datos da enquisa de ocupación hoteleira, o número de pernoitas nos establecementos hoteleiros, que ascendeu a 569.513, rexistrou unha taxa de variación interanual do -9,9% en maio de 2005. Este crecemento é igual se se mide en termos de datos corrixidos de efecto calendario pois nesta serie só se corrixe o efecto da Semana Santa. No que vai de ano, o crecemento foi dun -4,2% que en datos corrixidos de efecto calendario se sitúa nun -3,6%.

O grao de ocupación por prazas foi dun 31,4% en maio de 2005, que significa un descenso do 13,0% con respecto ao de maio de 2004. No que vai de ano o descenso do grao de ocupación é dun 7,3%.

O número de viaxeiros entrados en establecementos hoteleiros de Galicia en maio de 2005 foi de 283.044, o que supón un descenso do 10,1% con respecto ós entrados en maio de 2004. Esta taxa de variación permanece constante se os datos se corrixen de efecto calendario. No que vai de ano o descenso foi dun 4,0%, descenso que en datos corrixidos de efecto calendario se sitúa nun 3,4%.

Segundo a procedencia dos viaxeiros, os residentes en España, que supuxeron un 77,9%, descendieron un 13,2% mentres que os residentes no resto do mundo creceron un 3,2%.

### Enquisa de ocupación hoteleira. Maio 2005. Datos provisionais

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Viaxeiros entrados	283.044	-10,1%	-4,0%
Pernoitas	569.513	-9,9%	-4,2%
Grao de ocupación	31,4	-13,0%	-7,3%
<b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>			
Viaxeiros entrados		-10,1%	-3,4%
Pernoitas		-9,9%	-3,6%

**O número de pernoitas en casas de turismo rural descendeu un 11,1% e o de viaxeiros entrados un 16,8% en maio de 2005 sobre o mesmo mes do ano anterior**

Segundo a estatística de ocupación no turismo rural, o número de pernoitas nos establecementos de turismo rural, que se situou en 19.435, rexistrou unha taxa de variación interanual do -11,1% en maio de 2005. En termos de datos corrixidos de efecto calendario, que ten en conta o número de sábados e domingos do mes, a taxa interanual de maio de 2005 situouse no -7,9%. No que vai de ano, o crecemento foi dun -13,1% que en datos corrixidos de efecto calendario se sitúa nun -11,8%.

O grao de ocupación por prazas foi dun 11,5% en maio de 2005, cunha taxa de variación do -18,1% con respecto ó rexistrado en maio de 2004.

O número de viaxeiros entrados neste tipo de establecementos en Galicia en maio de 2005 foi un 16,8% inferior ós entrados en maio de 2004. Esta taxa de variación convértese nun -13,5% se os datos se corrixen en termos de efecto calendario. No que vai de ano, o crecemento foi dun -14,5% que en datos corrixidos de efecto calendario se sitúa nun -13,8%.

Segundo a procedencia dos viaxeiros, os residentes en España supuxeron un 85,1% do total. Os galegos foron o 51,8% do total.


**Estatística de ocupación no turismo rural. Maio 2005.  
Datos provisionais.**

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Viaxeiros entrados	11.106	-16,8%	-14,5%
Pernoitas	19.435	-11,1%	-13,1%
Grao de ocupación	11,5	-18,1%	-18,4%
<b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>			
Viaxeiros entrados		-13,5%	-13,8%
Pernoitas		-7,9%	-11,8%


FONTE: IGE, INE. Estatística de ocupación no turismo rural



Nos seguintes gráfico pódense observar as variación interanuais dos viaxeiros entrados e das pernoitas en ámbalas dúas estatísticas.



FONTE: IGE, INE. Enquisa de ocupación hoteleira



FONTE: IGE, INE. Estatística de ocupación no turismo rural



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

---

**Para máis información:**

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)